



SUBVENCIÓN PARA RENOVACIÓN DE CUBERTAS CON LOUSA.

Bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a renovación de cubertas con LOUSA, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a renovación de fachadas e cubertas de lousa e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN314A).

http://www.neda.psdeg-psoe.org/descargas_publico/axucublousa.pdf

PRAZO PRESENTACION DE SOLICITUDES: Dende o 20/01/2016 ata o 20/04/2016,

FORMA DE PRESENTACION DAS SOLICITUDES:

- Vía electrónica: <https://sede.xunta.es> (Require DNI electrónico, ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia)
- En soporte papel, utilizando o formulario normalizado disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

OBXETO DA SUBVENCIÓN:

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto fomentar a renovación de fachadas e cubertas con lousa acadando melloras significativas na demanda enerxética dos edificios cos conseguintes aforros en termos económicos.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

BENEFICIARIOS:

- Particulares.
- Comunidade de vecinos.

CUSTOS SUBVENCIONABLES:

- Custos das memorias básicas, informes técnicos e certificados necesarios, ou proxectos de arquitectura ou enxeñería na parte correspondente ás actuacións a subvencionar.
- Custos de licencias.
- Custos de desmontaxe das fachadas e cubertas existentes.
- Custos de materiais das novas fachadas e cubertas de lousa. A lousa pertencerá na súa calidade comercial á primeira selección.
- Custos de montaxe das novas fachadas e cubertas de lousa.

CUSTOS NON SUBVENCIONABLES:

- A substitución ou instalación das carpinterías exteriores (portas e fiestras) e vidrios.
- Os gastos e custos financeiros, como consecuencia da inversión.
- Os gastos realizados en bens usados.

O custo subvencionable máximo será de 70 € por m² de fachada ou cuberta. A contía da subvención será do 40 % dos custos totais subvencionables (IVE incluído, cando tal imposto sexa subvencionable).

DATA LÍMITE DE XUSTIFICACIÓN: 14 de Novembro de 2016 (inclusive).



MAIS INFORMACIÓN:

Páxina web oficial da consellería: <http://economiaeindustria.xunta.es>.
Os teléfonos da devandita dirección xeral: 981 95 70 92 ou 981 95 72 59.
O enderezo electrónico: cei.dxiem.axudasminas@xunta.es

